



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 6804/2022

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0942 de data 7 de xuño de 2024 aprobouse a proposta do Tribunal Cualificador respecto da contratación como persoal laboral fíxo ao candidato Francisco Cuenca Rial con DNI n.º ***16831* para ocupar unha praza de Oficial Conductor/a, categoría Oficial, Grupo IV.

En data 5 de xullo de 2024 o candidato Francisco Cuenca Rial presenta escrito con rexistro de entrada número 2024-E-RC-8072 no que comunica o seguinte:

“Solicita

admisión de renuncia a praza de condutor obras categ. Oficial grupo iv por estar traballando no concello marin”

Visto que o escrito de renuncia do candidato prodúcese antes da formalización do contrato e que a proposta de contratación do Tribunal Cualificador contén unha relación de aspirantes aprobados por orde de puntuación que non obtiveron praza.

Por todo o exposto e en base os artigos 21.1, 84 e 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 55 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aceptar a renuncia formulada por Francisco Cuenca Rial con DNI n.º ***16831* a formalizar o contrato para ocupar a praza de persoal laboral fíxo, Oficial Conductor/a, categoría Oficial, Grupo IV, do proceso selectivo ps-22/32.

SEGUNDO. Aprobar a contratación como persoal laboral fíxo ao seguinte aspirante por orde de puntuación correspondendo a Jose Antonio Martínez Puga con DNI n.º ***00047* para ocupar unha praza de Oficial Conductor/a, categoría Oficial, Grupo IV.

TERCEIRO. Notificar a presente Resolución a Francisco Cuenca Rial con indicación dos recursos que procedan.





CUARTO. Notificar a presente Resolución a Jose Antonio Martínez Puga para a formalización do contrato no prazo dun mes a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base sexta.

No caso de que o candidato proposto estea en situación de incapacidade temporal, o prazo para a formalización do contrato comezará a partir do día seguinte hábil á data de finalización da baixa médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuados do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, que poderá tomar posesión durante esta situación.

QUINTO. Actualizar a lista de substitucións prevista nas bases coa composición e orde seguinte:

Nº	APELIDOS E NOME	TOTAL
1	BERNÁRDEZ MARTÍNEZ, MAURO	***40587*
2	RODRÍGUEZ VIDAL, LUIS	***13640*
3	SANTANA IGLESIAS, PABLO	***36132*
4	REFOJOS GARCÍA, YAGO	***11562*
5	HERMELO IGLESIAS, ÓSCAR	***14484*
6	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, ANTOLÍN	***04234*

Os chamamentos que se efectúen seguirán a orde da listaxe garantindo que todas as persoas que o integran vaian cumprindo por esta orde o mesmo número de chamamentos progresivamente. Este chamamento efectuarase dun xeito que permita deixar constancia da recepción do mesmo. A renuncia inxustificada ao chamamento suporá a exclusión da listaxe. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe sen exclusión daquel de tal xeito que poderá volver ser chamado novamente cando seguindo a orde lle volva a tocar. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da listaxe.

SEXTO. Publicar a contratación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios municipal (físico e electrónico) así como na páxina web e no Portal de Transparencia deste Concello.

SÉTIMO. Comunicar aos Departamentos municipais de Persoal, Intervención, Tesourería, Comité de Empresa e Xunta de Persoal aos efectos oportunos.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:





Concello de Cangas

a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio se este radica en Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

